

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 15 de xullo de 2019, aprobou o seguinte ACORDO:

5.- Convocatorias.

5.2.- Convocatoria de asinación de usos das instalacións deportivas municipais para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2019-2020.

1. Consideracións

A Lei de Bases de Réximen Local (en adiante LBRL), no seu artigo 26 apartado 1, letra c, determina que os concellos maiores de 20.000 habitantes deben prestar, en todo caso, servizos de instalacións deportivas de uso público.

A Lei do Deporte de Galicia (en adiante LDG), no seu artigo 8, establécese que os concellos exercerán no seu ámbito territorial as seguintes competencias entre outras:

- Construír, xestionar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómicas cuio uso e cuia xestión lles sexan concedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.
- Procurar que nos plans de ordenación urbanísticos se establezan as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalacións de equipamentos deportivos e levar censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública como privada.

A LDG en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, o Concello de Carballo considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como pilar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir ca encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte.

É inequívoco o mandato lexislativo ó Concello de Carballo para dotar as instalacións deportivas de uso público que satisfagan as demandas dos seus veciños, e en especial das entidades privadas sen ánimo de lucro adicadas a práctica e fomento do deporte.

2.- Lexislación aplicable

- Ley 7/1986, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (en adiante LBRL)
- Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia (en adiante LDG).
- Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo' (BOP nº 123 do 01/07/2014).

E vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura do 09/07/2019, no expte. 2019/X999/001064, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2.019 / 2020.:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



«BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA DE INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2019/2020

Primeiro.- Obxecto e Finalidade.

O obxecto da presente convocatoria é a asignación de usos das instalacións deportivas municipais para o desenvolvemento de actividade deportiva (adestramentos, competicións e organización de eventos deportivos) para a tempada 2019 / 2020, ás entidades deportivas e/ou educativas sen ánimo de lucro do municipio de Carballo.

Segundo.- Obrigas das entidades

1.- Obrigas das entidades solicitantes. Esta convocatoria vai dirixida a entidades deportivas e/ou educativas que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.1 Carecer de fins de lucro
- 1.2. Ter a sede social e o domicilio fiscal no Concello de Carballo.
- 1.3. Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- 1.4. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello.
- 1.5. Estar validamente constituídas como entidades deportivas, inscritas no rexistro de entidades deportivas de Galicia e no rexistro municipal de asociacións.
- 1.6. Estar ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, co Concello de Carballo coa Tesourería da Seguridade Social.
- 1.7. Posuír póliza de Responsabilidade Civil que cubra a entidade deportiva dos danos e prexuízos derivados por acción ou omisión, por culpa ou negligencia, na organización e desenvolvemento da actividades habituais, organización de eventos deportivos e usos de locais e instalacións deportivas.
- 1.8. Declaración responsable da entidade solicitante segundo o modelo do Anexo III.

2.- Obrigas das entidades beneficiarias.

2.1 Respetar e cumprir o 'Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo' (BOP nº 123 do 01/07/2014).

2.2 Dado que a tramitación será telemática:

2.2.1 A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustifico, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente ao Concello de Carballo.

2.2.2 Deberá dispoñer de certificado dixital ou DNIe: Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións. Quen ocupe a secretaría da entidade. Quen represente a entidade perante o Concello de Carballo (no caso de ser distinta das dúas anteriores)

2.3 Facer constar a colaboración do Concello de Carballo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades ou investimentos subvencionados, e na súa páxina web, do xeito seguinte:

2.3.1 No caso de medios radiofónicos, megafonía, etc. publicitarase a colaboración o Concello de Carballo, e nos restantes figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e Carballo Deporte.

2.3.2 Na vestimenta deportiva de competición figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e/ou Carballo Deporte previa consulta á Área de Deportes do Concello de Carballo que detallará o modo en que estos figurarán.

2.4 As publicacións, cartelería, a publicidade e toda a produción das actividades deberán estar en lingua galega, conforme ao establecido na Ordenanza para o impulso social da lingua galega do Concello de Carballo.

Terceiro.- Instalacións.

Inclúense nesta convocatoria as instalacións deportivas municipais que figuran no Anexo II. (as de titularidade municipal e as conveniadas o seu uso con outras administracións)

Cuarto.- Horarios de uso e períodos de vixencia

1. Con carácter xeral os horarios de uso das instalacións deportivas municipais son os que recollen no Anexo II. Estes horarios poderán sufrir variacións en función das necesidades do Concello de Carballo. Os horarios das instalacións conveniadas polo Concello de Carballo, serán os que aparezan no convenio de uso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO - A Coruña



de cada unha delas.

2. Os horarios concedidos estarán vixentes desde o 2 de setembro de 2019 ata o 19 de xuño de 2020.

3. No caso de non dispoñer dos calendarios deportivos de competición oficial, no momento de presentar a solicitude, deberán presentar ditos calendarios no prazo máximo de 15 días antes do inicio da competición, dende o momento de ter coñecemento oficial.

4. As entidades que precisen outras datas (durante os meses de xullo e agosto) de inicio ou fin de adestramentos ou competicións nas datas que estean reguladas nestas bases, deben de facelo constar na súa solicitude. Para isto, as entidades deberán presentar unha solicitude que será valorada polo Servizo de Instalacións Deportivas do Concello de Carballo.

5. Sobre a solicitude de instalación para a celebración de eventos deportivos:

a. Os eventos deportivos consolidados no tempo que as entidades queiran organizar deberán indicarse nesta solicitude. Posteriormente a entidade quedará pendente de entregar toda a documentación requirida para o evento, cunha data non inferior a un mes antes da data do evento. Unha vez resolta favorablemente a concesión da instalación, as entidades deberán presentar unha solicitude específica de cada evento para que a Área de Deportes do Concello de Carballo comprobe que o evento se adecúa os fins do servizo, para a súa concesión.

b. Para os eventos de nova creación que aparezan ao longo da tempada, farase una solicitude específica do mesmo para resolver a concesión ou denegación, segundo proceda, da instalación.

c. A Área de Deportes do Concello de Carballo poderá requirir toda a documentación que considere necesaria para a organización do evento.

Quinto.- Criterios de distribución dos usos das instalacións deportivas

O Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, efectuará a valoración das mesmas tendo en conta os seguintes criterios:

1. Terán carácter preferente no uso das instalacións, os programas deportivos municipais e as actividades e competicións que contén coa colaboración municipal.

2. Adaptación do deporte ás características da instalación a utilizar.

3. Nivel da competición do equipo. Categoría na que milita o equipo do club e/ou entidade deportiva solicitante, tendo en conta o tipo de competición deportiva na que se encontre, e a súa posición o respecto a máxima categoría de dito deporte. En caso de igualdade de categoría terase en conta a estabilidade da actividade no tempo.

4. Non ter instalación propia nin conveniada con outra administración ou entidade.

5. Dispoñer de licenzas en categoría feminina e masculina.

6. Colaboración da entidade en actividades deportivas organizadas pola Área de Deportes do Concello de Carballo.

7. Terase en conta a ocupación de uso da tempada anterior con respecto a cada entidade deportiva, así como calquera outra circunstancia relacionada coas estruturas e organización das entidades deportivas que, a criterio do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, poida resultar determinante na relación coa concesión das instalacións.

8. Terán carácter preferente as entidades que teñan equipos e licenzas deportivas de categorías de base, en anos anteriores.

9. Os criterios de preferencia para os encontros de competición federada ou amigables durante toda a tempada, son os seguintes:

a. Nivel de competición na que se atope o equipo.

b. Horario estable ao longo da tempada

c. Categoría dos equipos en relación aos horarios.

d. No caso de empate, establecerase un sorteo para que os equipos vaian rotando.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

1. O prazo de solicitude será de 15 días naturais, a contar desde o día seguinte da publicación da convocatoria na páxina web municipal (www.carballo.gal) e no taboleiro de anuncios municipal.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo. Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

3. As entidades deberán acompañar a seguinte documentación:

a. Modelo de solicitude normalizado que figura no Anexo I

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

- b. Calendarios de competición para a tempada 2019 / 2020 (no caso de non estar dispoñibles no momento de realizar esta solicitude, deberán achegarse ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas quince días antes do inicio da competición).
- c. Certificado da federación correspondente no que se indique o número de equipos inscritos e o número de licenzas tramitadas a tempada 2.018 / 2.019.
- d. Copia do seguro de Responsabilidade Civil da entidade e xustificante de pago, onde quede vixente a súa duración.
- e. Declaración responsable segundo o modelo do Anexo III.

Sétimo.- Resolución

A adxudicación provisional da concesión de uso realizaranse no prazo dun mes dende a publicación destas bases. Posteriormente haberá unha resolución provisional, ca confirmación das entidades da ocupación de uso no prazo máximo de 7 días, e posteriormente se publicará a resolución definitiva da concesión de uso de instalacións para a tempada 2018 / 2019. O acordo publicarase na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello e notificarase individualmente a cada un dos solicitantes. No caso de non resolverse neste prazo, seguirán en vigor os horarios da tempada 2018/2019.»

ANEXO I: SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS OU COMPETICIÓNS DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A TEMPADA 2019 / 2020

Nome e apelidos: _____ NIF: _____
en representación da entidade (Nome completo): _____
CIF: _____

Nº RMA do Concello de Carballo: _____ Nº Rexistro entidades deportivas Xunta de Galicia: _____
Enderezo da entidade (a efectos de notificación): _____
C.P.: _____ Localidade: _____ Provincia: _____
Correo Electrónico: _____ Tfno.de contacto: _____

A entidade solicitante conta con instalación propia ou conveniada con outra administración ou entidade

SI: ____ NON: ____

A entidade comprométese a respectar e cumprir o 'Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das Instalacións Deportivas de titularidade do Concello de Carballo', e solicita a utilización da seguinte instalación deportiva para os grupos de actividade que se detallan no cadro anexo:

- Pavillón
- Piscina
- Campo de fútbol
- Ximnasio

Carballo, ____ de _____ de 2.019

Asdo.:

SERVIZO MUNICIPAL DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ÁREA DE DEPORTES DO CONCELLO DE CARBALLO

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS TEMPADA 2019 / 2020

1. Solicitude de adestramentos tempada 2019 / 2020

Entidade: _____

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

ANEXO II

HORARIOS DE USO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Con carácter xeral, os horarios de uso nos Complexos Deportivos Municipais obxecto da convocatoria, serán os seguintes:

A.- HORARIOS DE USO PARA ADESTRAMENTOS DE CLUBS FEDERADOS E ACTIVIDADES.

1. COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA.

1.1 PAVILLÓN.

- De luns a venres: 9:00 h. - 15:00 h. // 15:45 h. - 23:45 h..

1.2. PISCINA

- Sábados de 10:00 h. - 14:00 h.

2. COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO.

2.1 PAVILLÓN.

- De luns a venres: 9:00 h. - 13:00 h. // 15:30 h. - 24:00 h..

2.2 PISCINA.

- De luns a venres: 15:30 - 22:30 (luns, mércores e venres de 7:30 a 8:30)

- Sábado: 9:00 - 13:30

3. COMPLEXO DEPORTIVO AS EIROAS (BÉRTOA)

3.1. CAMPOS DE FÚTBOL (Principal e Anexo)

- De luns a venres: 16:00 - 23:00.

4. CAMPO DE FÚTBOL DE O CARRAL (SOFÁN)

- De luns a venres: 17:00 h.- 23:00 h.

5. CAMPO DE FÚTBOL AS PEDREIRAS (BERDILLO)

- De luns a venres: 20:00 h. - 23:00 h.

6. CAMPO DE FÚTBOL CEIP GÁNDARA SOFÁN (SOFÁN)

- De luns a venres: 18:00 h. - 21:00 h.

- Sábado: 9:00 - 14:00 / 16:00 - 20:00

- Domingo: 9:00 - 14:00

7. PAVILLÓN IES PARGA PONDAL

- Luns, mércores, venres de 17:00 h. - 23:00 h.

- Martes, xoves de 18:30 h. - 23:00 h.

8. PAVILLÓN IES MONTE NEME

- Luns de 18:00 h. - 23:00 h.

- De martes a venres de 17:00 h. - 23:00 h.

9. PAVILLÓN CEIP FOGAR

- De luns a venres de 17:00 h. - 23:00 h.

10. PAVILLÓN CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO

- Luns e xoves de 17:00 h. - 23:00 h.

- Martes, mércores e venres de 16:00 - 23:00 h.

11. XIMNASIO CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO

- Luns a venres de 17:00 a 23:00 h.

13. PAVILLÓN CEIP NÉTOMA RAZO

- Luns a venres de 16:30 a 22:00 h.

14. PAVILLÓN CEIP GÁDARA SOFÁN

- De luns a venres: 18:00 h. - 21:00 h.

- Sábado: 9:00 - 14:00 / 16:00 - 20:00

- Domingo: 9:00 - 14:00

15. XIMANSIO IES ALFREDO BRAÑAS

- Luns, mércores e venres de 16:30 a 22:00 horas

B.- HORARIOS DE USO PARA COMPETICIÓNS OFICIAIS DE CLUBS FEDERADOS.

1. COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA.

1.1 PAVILLÓN.

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30
- Domingo: 9:00 - 14:30
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

2. COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO.

2.1 PAVILLÓN.

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30 h.
- Domingo: 9:00 - 14:30 h.
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

2.2 PISCINA.

- Sábado: 15:30 - 21:30 h.. *

*Exceptuando para Campionatos Galegos onde poderán realizarse na xornada de sábado de mañán)

- Domingo: 9:00 - 14:30 h.

3. COMPLEXO DEPORTIVO AS EIROAS. (BÉRTOA)

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30.
- Domingo: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 20:30.
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

4. CAMPO DE FÚTBOL DE O CARRAL (SOFÁN)

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30.
- Domingo: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 20:30.
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

5. CAMPO DE FÚTBOL DE AS PEDREIRAS (BERDILLO).

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30.
- Domingo: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 20:30.
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

6. PAVILLÓN CEIP FOGAR

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30.
- Domingo: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 20:30.
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

7. PAVILLÓN IES MONTE NEME

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30.

8. PAVILLÓN IES PARGA PONDAL

- Sábado: 9:00 - 14:30 // 15:30 - 21:30.
- Domingo: 9:00 - 14:30
- Festivos: 9:00 - 14:00 (só no caso de competicións calendadas).

Os horarios de uso e períodos de vixencia están suxeitos ao recollido no artigo cuarto das presentes bases.

**ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

1.- IDENTIFICACION DO DECLARANTE:

Nome: _____ Apelido 1º: _____ Apelido 2º _____
con DNI: _____ en calidade da presidencia da Entidade ou Club Deportivo.

2. IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE:

Nome: _____ CIF: _____

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



3. DECLARA:

1. Que a entidade que represento dispón das licenzas federativas correspondente para todas as persoas participantes nas actividades deportivas que a nosa entidade desenvolve nas instalacións municipais. O club ou entidade usuaria farase responsable dos posibles danos da instalación que poidan producirse por deportistas, adestradores, persoal auxiliar e/ou persoas asociadas, así coma dos accidentes deportivos.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos asinados

Carballo, ____ de _____ de 2.018

Asdo.: